

† 15. VII-85

Ai de cantar,
Que ch'ei de dar zonchos,
Ai de cantar,
Que ch'ei de dar moitos

I

Ai de cantar
Meniña gaiteira
Ai de cantar,
Que me morro de pena.

Canta meniña
Na veira da fonte
Canta dareiche
Boliños do pote.

Canta meniña
Con brando compas,
Dareiche unha proya
Da pedra do lar.

Rosalía Castro de
Murguía

1

*Has de cantar,*
*que che hei de dar zonchos;*
*has de cantar,*
*que ch'hei de dar moitos.*

I

Has de cantar,
Meniña gaiteira,
Has de cantar,
Que me morro de pena.

Canta, meniña,
Na beira da fonte;
Canta, dareiche
Boliños do pote.

Canta, meniña,
Con brando compás,
Dareiche unha proia
Da pedra do lar.